

## IX PREMIO “FERMÍN BOUZA BREY”

O Concello de Ponteareas para lembrar o nacemento nesta vila do ilustre poeta e polígrafo D. Fermín Bouza Brey e co fin de honrar a súa memoria e o seu traballo de investigación sobre a cultura de Galicia así como para promover a investigación científica sobre Ponteareas e a comarca do Condado, convoca o IX Premio de Investigación Fermín Bouza Brey no que rexerán as seguintes

### BASES

#### A.- DOS PARTICIPANTES E OS TRABALLOS

- 1.- Poderán optar a este premio proxectos de investigación científica sobre historia, arte, arqueoloxía, etnografía, literatura ou ciencias sociais que necesariamente deben ter como referente o municipio de Ponteareas e complementariamente a comarca de O Condado.
- 2.- Os proxectos de investigación deben presentarse cunha memoria onde figuren: obxectivos, metodoloxía, periodización, recursos a empregar, temporalización do traballo, etc.
- 3.- Estes proxectos presentáranse con carácter anónimo e por quintuplicado cunha plica onde figure: unha copia do DNI, datos persoais, enderezo e teléfono de contacto do participante.
- 4.- As propostas de investigación que se presenten a este Premio serán rigorosamente inéditas.



5.- A organización do Premio resérvase todos os dereitos sobre o proxecto premiado, incluíndo o de publicación sen limitación de exemplares para unha primeira edición. O traballo editarase en lingua galega.

6.- Os proxectos que non resulten premiados serán destruídos se pasados tres meses dende a concesión do premio os seus autores, debidamente acreditados, non os recollen no Museo Municipal de Ponteareas.

## **B.- DO XURADO CUALIFICADOR**

1.- O Xurado deste Premio estará integrado por:

- O Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello, ou concelleiro en quen delegue, como Presidente do Xurado.
- O Concelleiro/a de Cultura do Concello de Ponteareas
- Un representante do Consello da Cultura Galega
- Un representante do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”
- Un representante da Universidade de Vigo
- Un representante do Consello Galego de Museos
- O oficial administrativo da Biblioteca e Museo Municipal de Ponteareas, que actuará como secretario do mesmo.

2.- O xurado valorará na Memoria do Proxecto de Investigación os seguintes apartados:



- Obxectivos: hipótese de partida, antecedentes, bibliografía, resultados previo e obxectivos)
- Metodoloxía: actividades a desenvolver, fontes e recursos a consultar, material a empregar, etc.
- Plan de traballo coa súa temporalización. A duración máxima deste traballo será de 6 meses, contados a partir do día do fallo do Xurado.
- Unha desenvolto o concurso, e visto o fallo do Xurado, o Alcalde ou persoa en quen delegue, resolverá sobre o resultado final do mesmo indicando cal é o nome dos gañadores, o premio recibido e indicando o lugar e data onde se realizará a entrega de premios. Deberase notificar aos gañadores do concurso tal condición. En todo caso, o premio non se poderá entregar se o premiado non acredita estar ao corrente coa Seguridade Social e fiscalmente.

### C.- DO PREMIO

- 1.- O Premio “Fermín Bouza Brey” estará dotado con 3.000 euros, entregándose un 50% do importe unha vez fallado o premio e o 50 % restante unha vez entregado o traballo de investigación. O premio é indivisible. O Xurado poderá declarar deserto o premio. O importe do premio estará suxeito ás retencións fiscais establecidas.
- 2.- O Xurado realizará un seguimento continuado do desenvolvemento da execución do proxecto de investigación, podendo anular a continuidade do traballo de investigación se non se cumpren as fases de execución ou os obxectivos enunciados no proxecto.



3.- A dotación final do premio entregárase nun acto académico onde o gañador está obrigado a disertar sobre o seu traballo de investigación, presentando ao público as súas conclusións.

#### **D.- PRAZO DE PRESENTACIÓN**

1.- Os proxectos de investigación presentaranse ou enviaranse –libres de gastos- ao Museo Municipal de Ponteareas (Rúa A Perillana, 9-11 – 36860 Ponteareas – Pontevedra) indicando no sobre IX Premio Fermín Bouza Brey.

2.- O prazo para a presentación dos traballos comezará ao día seguinte da súa publicación no BOPPO, e se extenderá como data límite ata o 20 de marzo de 2023

3.- As bases deben ser remitidas a Base de Datos Nacional de Subvención e que o prazo para presentar as instancias deberá computarse dende a publicación no BOP de Pontevedra do extracto que publique dita Base de Datos".

4.- Publicaranse as bases no Boletín Oficial de Pontevedra (BOPPO) e no taboleiro municipal e na páxina web do Concello de Ponteareas

#### **E.- DAS DECISIÓNS DO XURADO E ORGANIZADORES**

1.- Os participantes no Premio “Fermín Bouza Brey” aceptan expresamente estas bases así como as decisións que adopte o xurado ou os organizadores, cando precisen extremos non regulamentados ou modifiquen calquera das presentes bases. Incluso a organización se reserva o dereito a cancelar o concurso, sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.



## F.- INFORMACIÓN

Para calquera información verbo do premio os interesados poden dirixirse ao Museo Municipal de Ponteareas, rúa Perillana, 9-11 – 36860 Ponteareas, ou no teléfono 986 660 765 ou no seguinte enderezo de correo electrónico:

[bibliotecamuseo@ponteareas.gal](mailto:bibliotecamuseo@ponteareas.gal)

